


COMO DARSE DE ALTA NO EXPEDIENT-E?

Antes de poder acceder ao Expedient-e (FIDES) terá que darse de alta no sistema. Os métodos para realizar a alta son os seguintes:



1. MEDIANTE CHAVE365 DA XUNTA DE GALICIA

[CHAVE365](#) é o sistema común da Xunta de Galicia, que permite aos cidadáns identificarse e asinar documentos na súa sede electrónica.

Para darse de alta en CHAVE 365 pode proceder de dous modos:

Presencialmente dirixíndose a calquera dos órganos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia que realicen tarefas de rexistro de usuarios CHAVE 365. Na seguinte ligazón dispón dunha [listaxe de organismos habilitados](#). Debe acudir persoalmente o interesado e presentar o seu DNI para acreditar a súa identidade.

Electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Para iso, ten que ter instalado no seu navegador un certificado dixital válido.

*Teña en conta que o feito de dispoñer dun certificado dixital válido e instalado no seu equipo permítelle xa o acceso directo a Expedient-e polo seguinte dos métodos, sen ter que realizar alta en CHAVE 365.



2. MEDIANTE CERTIFICADO DIXITAL

É requisito indispensable dispoñer dun certificado dixital para acceder a través desta vía. Os certificados aceptados son os expedidos pola FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre) e o DNI electrónico (DNIe), o cal pode obterse nas oficinas da Dirección Xeral da Policía.

Para obter un certificado dixital expedido pola FNMT será preciso solicitálo a través de Internet (neste [endereço](#)), ou ben en calquera oficina da Axencia Tributaria (Ministerio de Economía e Facenda).

Se dispón dunha tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico activado, esta xa contén un certificado da FNMT, polo que non será necesario solicitar un novo. De feito, a solicitude dun novo certificado inhabilitará o que existe na tarxeta sanitaria.

Para a identificación mediante tarxeta sanitaria con chip electrónico ou a través do DNI electrónico, será preciso dispoñer dun lector de tarxetas. O certificado dixital da FNMT pola súa banda, deberá ser debidamente instalado no propio equipo do profesional.

3. SEN CERTIFICADO

Este método soamente está dispoñible como acceso de usuarios xa rexistrados, non para efectuar novas altas dende a implantación do sistema CHAVE365, en maio de 2017.